

Renovación do Consello escolar

A Consellería de Educación publicou no DOG do pasado 4 de outubro, a Resolución conxunta do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares dos centros sostidos con fondos públicos.

O Consello escolar é órgano de xestión e control de participación dos diferentes sectores da Comunidade educativa no funcionamento do centro. A súa competencia estendese á totalidade das ensinanzas concertadas que se imparten no centro.

I. COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DUN CENTRO CONCERTADO. O artigo 56 da LODE, na redacción consolidada pola LOE, que establece a seguinte composición: a) O director b) Tres representantes do titular do centro (nomeados pola Institución marista) c) Catro representantes do profesorado d) Catro representantes dos pais, nais ou titores dos alumnos e alumnas, elixidos por e entre eles. e) Dous representantes dos alumnos e alumnas, elixidos por e entre eles, a partir do primeiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria f) Un representante do persoal de administración e servizos • Un dos representantes dos pais, nais e titores designado pola asociación de pais e nais máis representativa no centro.

II. QUE SE RENOVA EN 2016 NO NOSO COLEXIO. - Dous representantes do profesorado - Dous representantes do alumnado (xa que os representantes anteriores finalizaron estudos) - Dous representantes dos país - O representante do persoal de administración e servizos

III . PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS. Dende o 7 ao 18 de novembro (ata as 17:00) RECOLLER E ENTREGAR O IMPRESO NA PORTERÍA DO COLEXIO

IV. QUEN PODE PRESENTAR CANDIDATURA . → Pais,nais ou titores legais de alumnos e alumnas escolarizados en infantil, primaria e ESO no colexio no curso actual. → Alumnado de 1º a 4º de ESO É PRECISO TER PRESENTADO O IMPRESO DE CANDIDATURA (Portería)